DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE:2024000019609

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CESIÓN DA EXPOSICIÓN "MULLERES DO MEDIEVO GALEGO" EN INTERIORES AO IES ORDES

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Á vista da solicitude achegada polo IES Ordes, logo do informe da Sección de Servizos Sociais e de acordo coas Bases para a cesión da exposición "Mulleres do medievo galego" en interiores publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 222 do martes 21 de novembro de 2023.

RESOLVO:

1. Conceder ao IES Ordes, NIF S6500018D, a cesión da exposición "Mulleres do medievo galego" en interiores dende o 10 ao 28 de marzo de 2025.

2. As condicións e obrigas son as seguintes:

1.- Seguir as directrices para a retirada e devolución da exposición, a informar das datas da exposición e a súa ubicación así como de calquera modificación ou incidencia a través do mail igualdade@dacoruna.gal.

2.- Asumir o cargo do traslado e transporte da exposición, a vixilancia e seguridade, así como a substituír algún panel en caso de desperfectos coas mesmas características técnicas coas que está producida.

3.- Poderán contratar a maiores actividades complementarias a exposición, a Deputación non aboará ningún dos gastos complementarios relativos a calquera mellora, necesidade ou actividade complementaria.

4.- Colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña e o de Igualdade no formato dispoñible no apartado de imaxe corporativa na web da Deputación.

5.- Utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etcetera) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas, e unha linguaxe con perspectiva de xénero.

6.- As cesións serán intransferibles.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de recurso de reposición ante esta Deputación no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, que se contarán desde o do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.